

# O Concello propón foxas sépticas comúns para levar o saneamento a todas as aldeas

O alcalde de Boqueixón, Ovicio Rodeiro Tato, mantivo un encontro coa conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, Ángeles Vázquez, para avaliar un proxecto municipal para mellorar o sistema de saneamento en todas as aldeas do municipio.

Nesa liña, o alcalde trasladoulle á conselleira a proposta de utilizar foxas sépticas comúns con sistemas de infiltración no terreo para a depuración de augas residuais de pequenos grupos de vivendas. Deste xeito evitaríase a instalación de quilómetros de canalización. Ademais, a iniciativa inclúe ofrecerlles ás casas máis illadas unha foxa séptica para cada unha co compromiso de que se adhiran ao sistema de mantemento que preste a empresa concesionaria do servizo.

“Con esta iniciativa buscamos igualar o servizo de saneamento en todo o territorio do concello xa que deste xeito, unha vez implementado o proxecto, todas as aldeas de Boqueixón poderían contar con este servizo”, explica Ovidio Rodeiro.



Rodeiro e Vázquez avaliaron o proxecto municipal para mellorar o saneamento



## Xunta e Concello avalían actuacións en vivenda e infraestruturas

Rodeiro reuniuse coa nova conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, María Martínez Allegue, con quen abordou actuacións de posta en valor de espazos públicos a través do Plan Hurbe e melloras en estradas como a AC-960, A Susana-Vila de Cruces.

100.000 € para o saneamento de Pousada e o polígono de Camporrapado

O Concello vai investir máis de 100.000 euros nun proxecto para mellorar o saneamento no parque empresarial de Camporrapado e que tamén permitirá actuar sobre a depuración de augas residuais en Pousada.

Unha iniciativa que vén de conseguir unha axuda de máis de 81.000 euros por parte da Xunta de Galicia, ao abeiro dunha liña de axudas para habilitación e mellora de infraestruturas nos parques empresariais galegos. Este proxecto busca favorecer a actividade das empresas instaladas no polígono de Camporrapado, así como captar novas inversións e favorecer a creación de emprego en Boqueixón.

## CALENDARIO DO PUNTO LIMPO MÓBIL

De	Ata	Parroquia	Lugar
24 xun	07 xul	Sergude	Campo da festa de San Bieito
08 xul	21 xul	Lestedo	Campo da festa
22 xul	28 xul	Lamas	Campo da festa
29 xul	04 ago	Vigo	Campo da festa

## Horario de verán nas oficinas municipais

O Concello vén de implantar o horario de verán ata o vindeiro 15 de setembro. Así, as oficinas xerais atenderán á veciñanza entre as 08.30 e as 14.30 horas. Para calquera xestión fora dese horario, a cidadanía ten á súa disposición a sede electrónica municipal, accesible as 24 horas os 365 días do ano.

## Aberto ata o 19 de xullo o prazo das axudas a entidades sen ánimo de lucro

O Concello abre ata o 19 de xullo o prazo para a solicitude das axudas a entidades sen ánimo de lucro para este ano 2024. Unha axudas que suporán un investimento de 14.400 euros e que poderán solicitarse a través da Sede Electrónica municipal. Máis información e folleto de solicitude en [www.boqueixon.gal](http://www.boqueixon.gal).

## Severino Fernández Abel presenta o seu libro o 27 de xullo

A casa do concello acollerá o sábado 27 de xullo, ás 19:00 horas, a presentación do novo libro de Severino Fernández Abel: *"Tradición oral recuperada das tebras"*. Un novo traballo deste veciño de Boqueixón que se une a *"Sistema foral en Galicia"* e *"Unha matanza esquecida. Gastrar e Vigo: historia dun escarnio durante a primeira Guerra Carlista"*.

# A delegada da Xunta na Coruña visita as dúas casas do maior de Boqueixón

A delegada da Xunta da Coruña, Belén do Campo, o alcalde, Ovidio Rodeiro, e a concelleira de Servizos Sociais e Igualdade, Ángela Conde Leis, visitaron as casas do maior de Lodeiro e Carabán, nas que os seus usuarios reciben unha atención personalizada preto das súas vivendas. Do Campo destacou a importancia destes servizos para garantir uns coidados de calidade e gratuítos aos maiores que viven no rural.

Nestes momentos, na comarca de Santiago están operativos 10 centros deste tipo en Boqueixón (2), Frades (2), Santiso (1), Toques(1), Tordoia (3) e Val do Dubra (1). A Xunta investirá 1,3 millóns de euros este ano para crear outras 20 novas casas do maior.



As veciñas Marta Renda e Beatriz Mella puxeron en marcha as casas do maior

## O Concello investirá 1,7 millóns en mellorar o Servizo de Axuda no Fogar

O Grupo de Goberno municipal traballa na licitación do novo contrato do Servizo de Axuda no Fogar (SAF), que permitirá melloras tanto para as persoas usuarias como nas condicións das traballadoras que prestan o servizo. Un contrato para os dous próximos anos (2025 e 2026) e que ascende a 1,7 millóns de euros. Isto suporá un incremento do gasto social dun 10% para poder así prestar

unha mellor atención tanto a persoas dependentes como as que acceden en libre concorrencia en Boqueixón.

"Estamos falando da inversión máis importante para este concello, pois supón achegar máis de 11.000 euros cada mes, pero estamos satisfeito ao comprobar que prestamos un servizo que permite a mellora da calidade de vida e da participación dos nosos veciños e veciñas,

especialmente daqueles que sofren carencias ou desatencións", apunta o alcalde, Ovidio Rodeiro.

Ademais da mellora a atención ás persoas usuarias, o novo contrato prestará tamén especial atención ás profesionais encargadas de prestar este servizo, que verán incrementadas nun 4% o importe das súas horas, tanto ordinarias como extraordinarias. O concurso sairá a licitación en breve.

# O Concello non deixa a ningunha familia fóra do Verán Activo 2024

Un total de 118 nenos e nenas de Boqueixón desfrutaron estes días e ata o vindeiro 10 de setembro do Verán Activo, un programa lúdico e educativo creado para facilitar a conciliación da vida persoal e laboral das familias durante as vacacións escolares.

Unha iniciativa enmarcada dentro do Plan Corresponsables na que o Concello de Boqueixón decidiu aceptar todas as solicitudes realizadas polas familias, de forma que ningunha crianza quedou sen atender.

## Melloras no programa

A maiores, dende o Goberno municipal melloraron este ano este programa de conciliación, reducindo os prezos base con respecto a 2023 e establecendo unha serie de bonificacións que



As actividades teñen lugar nas instalacións municipais do Forte e no colexio

permiten que a maior parte das familias de Boqueixón poida gozar dun desconto mínimo do 50%. Bonificacións que chegan ata a gratuidade total do servizo no caso das familias con menores recursos económicos.

Así mesmo, e por primeira vez, o Concello ofreceullas tamén ás familias a opción

de solicitar servizo de comedor, o que supón ampliar nunha hora e media máis o horario do Verán Activo: de 9:00 a 14:00 horas, con posibilidade de ampliación horaria en xullo e agosto (ben adiantando a entrada ás 8:00 horas, atrasando a saída ás 15:00 horas ou ambas as dúas opcións).

## Agosto comeza coa Noite Velada e a Batalla de Ponte Ledesma

O campo do río de Ponte Ledesma será escenario na primeira fin de semana de agosto da Noite Velada e a Batalla de Ponte Ledesma. Así, o venres 2 de agosto, a partir das 21:30 horas, a Noite Velada volverá unir a mellor música co espectáculo de luz das candeas e as teas.

Dous días despois, o domingo 4 de agosto a partir das 20:00 horas, será a quenda da Batalla de Ponte Ledesma, que recrea o enfrontamento da veciñanza e as tropas napoleónicas en marzo de 1809. Se te animas a participar como figurante, só tes que chamar ao Departamento de Cultura: 981 513 115.

## A Asociación de Mulleres Rurais de Lestedo celebra o seu xantar

A nova directiva da Asociación de Mulleres Rurais de Lestedo, presidida por Ana Botana, organizou o tradicional xantar anual da entidade. Un encontro no se aproveitou para recoñecer ás distintas mulleres que ocuparon a Presidencia da asociación, nada no ano 1991: Maruja de Pepa, Loli de Rubial, Maruja de Barros, a tristemente falecida Carmen Nuñez, Marisa Lorenzo, Genma e Carmen Mella. O alcalde, Ovidio Rodeiro, participou no xantar e felicitou ás distintas persoas que formaron parte da directiva polo seu traballo.



## Sergude celebra as festas na honra de San Antonio e Santísimo

A parroquia de Sergude volveu engalanarse coas súas magníficas alfombras florais para celebraren a Festa na Honra de San Antonio e Santísimo, que tivo lugar o sábado 1 e o domingo 2 de xuño. En ambos os dous casos, a misa solemne estivo cantada polo Coro Parroquial, mentres que a procesión contou co apoio do grupo Son de Gaita, que se encargou tamén das dúas sesións vermú. A orquestra Channel actuou na verbena do sábado.

# O Lume Sagrado pecha o ciclo “Mes e Pico”

O Pico Sacro volveu acoller a lendaria Cerimonia do Lume Sagrado, tras catro anos de ausencia nos que a pandemia e o mal tempo só permitiron unha pequena representación no 2023. Tras un novo aprazamento, o propio día de San Xoán numerosas persoas desfrutaron do séquito da Raíña Alda, que medrou en número entre a Asociación da Fervenza do Castro de Callobre, visitantes e o grupo Son de Gaita.

Este acto pechou a sexta edición do ciclo “Mes e pico”, dedicado á xeoloxía e á astronomía. Así, celebráronse dúas visitas xeolóxicas guiadas por Geotur e polo xeólogo Francisco Canosa, quen tamén impartiu a charla “O Pico Sacro visto con ollos xeolóxicos”. Ademais, o físico Jorge Mira guiou unha observación astronómica no solsticio.



Cerimonia do lume sagrado, visita guiada por Geotur e visita xeolóxica e conferencia de Francisco Canosa



## A mocidade aprende consellos de seguridade nas Redes Sociais

A biblioteca municipal do Forte acolleu “Seguridade en Internet: controla as Redes Sociais”, un obradoiro práctico e gratuíto impartido un especialista en ciberseguridade. Unha xornada na que se trataron os aspectos positivos e negativos das Redes Sociais, como os problemas de adicción e os impactos do uso excesivo do móbil como a nomofobia (medo a non ter móbil ou a estar incomunicado a Internet). Ademais, deu consellos de protección en redes sociais, así como para saber borrar as pegadas dixitais.

## O alcalde visita aos pequenos poetas da Unitaria de Sergude

O alcalde, Ovidio Rodeiro, visitou a escola unitaria de Sergude, integrada no CRA Boqueixón-Vedra “Neira Vilas” en agradecemento “polo agasallo de versos de Luísa Villalta escritos polo alumnado da escola para celebrar o Día das Letras Galegas”. Ademais, a escola recibiu dous libros: un editado polo Concello e que recolle os escritos gañadores do X Certame de Relato Curto Xosé Neira Vilas, e un exemplar de “Caracol, cara de col”, un conto infantil escrito por Baia Fernández de la Torre e ilustrado por Tania Solla.



## Comezan as visitas á cova do Pico

O Concello de Boqueixón e a Federación Galega de Espeleoloxía organizan 28 visitas guiadas á cova do Pico entre os meses de xuño e setembro. Isto permitirá a un total de 140 persoas descubrir os segredos da cova máis lendaria de Galicia. Todas as persoas interesadas en participar na iniciativa poden anotarse no mail [espeleoloxia@gmail.com](mailto:espeleoloxia@gmail.com)

A iniciativa foi presentada polo alcalde, Ovidio Rodeiro, e o presidente da Federación Galega de Espeleoloxía, Gonzalo Villarrea. Rodeiro agradeceu o traballo dos técnicos da Federación pois “este tipo de iniciativas contribúen a poñer en valor o noso Pico Sacro, que non é soamente un dos referentes turísticos de Galicia senón tamén nun atractivo para as persoas amantes do deporte”.



Un dos primeiros participantes nas baixadas espeleolóxicas deste ano

Pola súa banda, Gonzalo Villarrea fixo fincapé na seguridade desta actividade e no valor da experiencia “pois a cova do Pico é un punto especial tanto dende o punto de vista cultural, con toda a tradición da Raíña Lupa ou do dragón, pero tamén dende o punto de vista xeolóxico e espeleolóxico pois é unha montaña de cuarzo no me-

dio dun territorio caracterizado polo granito e das poucas que se poden visitar en Galicia xunto á Cova do Rei Cintolo”.

A duración da experiencia é de 2 horas. Toda a información sobre datas, horarios e prezos está dispoñible en [www.boqueixon.gal](http://www.boqueixon.gal) (981 513 061) ou en [www.espeleologia.org](http://www.espeleologia.org) (982 507 227).



### Pesca e paseos en bicicleta e a pé, no “Correntes do Ulla”

O programa “Correntes do Ulla” mantén abertas as inscricións nas súas actividades para o mes de xullo, que comezarán os días 10 e 11 coa Escola de Pesca de David Arcay. O 28 de xullo terá lugar un roteiro en bici de 30 km con saída e volta na área de recreo de Castilláns. E o 20 de xullo, Roteiro de Pescadores de Boqueixón, dentro do programa “Goza do Ulla”. Con saída ás 10:00 h, a distancia a percorrer é duns 10 km. Inscricións en [boqueixonturismo@gmail.com](mailto:boqueixonturismo@gmail.com). Máis información en [www.boqueixon.gal](http://www.boqueixon.gal).

## Gran participación no Festival de Fin de Curso do Club Squadra

O polideportivo municipal do Forte quedou pequeno para acoller o Festival de Fin de Curso do Club Squadra Boqueixón. Unha exhibición na que as ximnastas locais amosaron ao público asistente os progresos realizados durante o curso 2023-2024. O festival contou coa actuación estelar de Sonia Martínez, que acaba de competir no Campionato de España.



## Boqueixón promove os seus atractivos turísticos en FESTUR

O Concello participou un ano máis na Feira Internacional de Galicia Semana Verde, concretamente no salón FESTUR 2024, onde promoveu a Festa da Filloa de Lestedo, os Entroidos dos Xenerais da Ulla de Sergude e Boqueixón e as Carrozas do San Cidre, así como lugares emblemáticos do municipio como Ponte Ledesma ou o Pico Sacro.



## Pakolas encherá de rock a Carballeira de Rodiño o 13 de xullo

A Carballeira de Rodiño acollerá o sábado 13 de xullo, ás 20:30 horas, "Ramona Órbita, a dona do tempo", un espectáculo rockeiro no que Pakolas presentará a historia dunha supermuller labrega coa que viaxará a diferente épocas da historia. Unha iniciativa promovida polo Concello en colaboración con Ler conta moito.

## Uns 120 mozos e mozas de Boqueixón e Vedra disfrutan dos campamentos

Un total de 150 mozos e mozas de Boqueixón e de Vedra, de entre os nove e os quince anos de idade, disfrutaron dos Campamentos de Verán 2024, organizados conxuntamente polos Concellos de Boqueixón e Vedra.

Os maiores disfrutaron dun campamento de mar con distintas actividades físicas (fútbol, baloncesto, volei praia...) e náuticas (vela, piragua, caiac polo, snorkel, paddlesurf, surfcamp, skimboard...) no Albergue Xuvenil Area de Viveiro. E os máis pequenos disfrutaron dunhas xornadas en contacto cun dos tesouros naturais de Galicia: as Fragas do Eume, ás que acudían desde o Albergue de Alvarella.



O alcalde visitou aos mozos e mozas que participan nos campamentos



## Medio cento de veciños e veciñas coñeceron a Ribeira Sacra

Máis de medio cento de veciños e veciñas participaron na segunda das excursións programadas na iniciativa "Boqueixón en ruta" e que incluíu unha visita aos canóns do Sil, á Ribeira Sacra e á localidade de Castro Caldelas. As próximas saídas terán como destino ás Rías Baixas (o mércores 3 de xullo) e a Costa da Morte e Fisterra (21 de setembro). Máis información e inscricións no Concello ou no 981 513 115. As prazas e o número de asento no autobús adxudicaránse por rigorosa orde de inscrición.

## A ximnasta Gabriela Places, subcampioa galega infantil

A ximnasta local Gabriela Places, do club Squadra Boqueixón, vén de proclamarse subcampioa galega infantil na fase final do Campionato Galego Escolar. Celebrado no pavillón municipal de Lugo, no torneo tomaron parte 11 ximnastas do club. Unha competición que reuniu a 130 deportistas de 40 clubs galegos.





## As actividades culturais e deportivas máis concorridas toman unhas merecidas vacacións

Coa chegada do verán as distintas actividades culturais e deportivas organizadas polo Concello pecharon as súas portas ata o inicio

do curso 2024-25. Unhas iniciativas nas que cada ano participan máis veciños e veciñas, que desfrutaban tanto das clases de ioga, dos

obradoiros da memoria ou das clases de novas tecnoloxías como de actividades deportivas como pilates, pilates terapéutico, zumba,

ou bailoterapia. A maiores, este curso o Concello ofreceu novas actividades como cross funcional, circuit training e GAP 30.

## A piscina municipal estará aberta ata a primeira semana de setembro



A piscina municipal do Forte vén de abrir a súa tempada de verán, que se desenvolverá ata a primeira semana de setembro. Unhas instalacións que estarán dispoñibles á veciñanza en horario de 15:00 a 21:00 horas, de luns a domingo.

O prezo da entrada individual mantense nos 3,71 €, ao igual cos dos bonos de 20 entradas (6,17 € para menores ata 16 anos

e 12,34 € para maiores de 16 anos). Ademais, ofrécense diferentes opcións de abonos familiares de 20 entradas: pai e nai (15,43 €), 1º fillo (6,17 €), 2º fillo (3,09 €) e de balde para os seguintes.

Este ano, como novidade, a adquisición tanto das entradas como dos bonos pode facerse con tarxeta de crédito nas propias instalacións da piscina municipal.

**Edita:** Concello de Boqueixón. Forte, s/n.  
15881 Boqueixón.  
**Web:** [www.boqueixon.es/com](http://www.boqueixon.es/com)

**Correo electrónico:** [concello@boqueixon.com](mailto:concello@boqueixon.com)  
**Redacción e maquetación:** Nós Comunicación  
**Distribución gratuíta**

**Oficinas xerais:** 981 51 30 61  
**Educación e Cultura:** 981 51 31 15  
**Servicios Sociais / CIM:** 981 51 30 06

## As inscricións en “Benestar en Bañeiros” pechan o 18 de xullo

A Xunta de Galicia ten aberto ata o vindeiro 18 de xullo o prazo de inscrición no programa “Benestar en bañeiros”. Unha iniciativa dirixida a persoas maiores de 60 anos (ou maiores de 55 en condición de pensionista) e persoa acompañante (máximo 2 prazas por persoa) e que inclúe 10 días en réxime de pensión completa a escoller entre 15 bañeiros de Galicia en quendas que van de xullo a decembro de 2024. Máis información nos Servizos Sociais: 981 513 106.



## Mozos de Boqueixón viaxan a Irlanda dentro do proxecto “Destino Rural”

Un grupo de mozos e mozas de Boqueixón, nados entre os anos 2006 e 2007, desprazouse ata Irlanda dentro do proxecto “Destino Rural”, financiado polo programa Erasmus+ Mobilidade Xuvenil.

Esta rapazada procede dos distintos programas municipais de voluntariado e desfrutou de cinco días de actividades de emprendemento xuvenil na Skelling Coast Ring. Uns días nos que volveron ter contacto con mozos e mozas da Kerry Diocesan Youth Service, que enviaron unha delegación a Boqueixón en abril de 2023.

## AXENDA DO MES DE XULLO

Mércores  
3

### Boqueixón en ruta

Excursión ás Rías Baixas. Máis información e inscricións no Concello ou no 981 513 115.

Mér/Xov  
10-11

### Escola de pesca

Área de Recreo de Agronovo. Área de Recreo de Sucira. Imparte David Arcay. Colabora Xunta de Galicia.

Sábado  
13

### Visitas espeleolóxicas á cova do Pico Sacro

Ás 10, 12, 16 e 18 horas. Duración 2 horas. Prezo: 30€ (empadroados 20€) e 15€ (de 12 a 18 anos). Inscricións: [espeleoloxia@gmail.com](mailto:espeleoloxia@gmail.com)

Sábado  
13

### Pakolas: “Ramona Órbita, a dona do tempo”

Carballeira de Rodiño. Ás 20:30 h. Colabora: Ler conta moito.

Sábado  
20

### Goza do Ulla

Ruta dos pescadores. De 10:00 a 12:30 h. Roteiro de 10 km. Necesaria inscrición previa en [boqueixonturismo@gmail.com](mailto:boqueixonturismo@gmail.com)

Sábado  
27

### Visitas espeleolóxicas á cova do Pico Sacro

Ás 10, 12, 16 e 18 h. Inscricións: [espeleoloxia@gmail.com](mailto:espeleoloxia@gmail.com)

Sábado  
27

### Presentación do novo libro de Severino Fernández

Casa do Concello, 19:00 h. Presentación de “Tradición oral recuperada das tebras”

Domingo  
28

### Paseo en bici polo Val do Ulla (Ribadulla)

Área de recreo de Castilláns 10:00 h. 30 km. Inscricións en [www.concellovededra.gal](http://www.concellovededra.gal).

## ... e en agosto

Venres  
2

### Noite Velada

Campo do río de Ponte Ledesma. 21:30 h. Actuación de grupos folclóricos.

Domingo  
4

### Batalla de Ponte Ledesma

Ponte Ledesma. 20:00 h. Con Suso Martínez (actor e narrador). Buscamos figurantes para participar como Tropa francesa, Exército de Trasdeza, Batallón Literario ou Petrucios da Xunta de Trasdeza. Animate! Chama ao Dpto de Cultura: 981 513 115.

Domingo  
4

### Goza do Ulla

Roteiro do Couto de Ximonde á ponte medieval de Pontevea. 10 km. Gratuito. Dificultade media. Necesario inscribirse en [www.boqueixon.gal](http://www.boqueixon.gal)

Máis información e inscricións: Centraliña: 981 513 061 CIM: 981 513 061 Cultura: 981 513 115 Dto. Local e Turismo: 981 513 061  
[concello@boqueixon.com](mailto:concello@boqueixon.com) [cim@boqueixon.com](mailto:cim@boqueixon.com) [cultura@boqueixon.com](mailto:cultura@boqueixon.com) [boqueixonturismo@gmail.com](mailto:boqueixonturismo@gmail.com)